ensino

As pensións de xubilación dos funcionarios públicos acollidos ao RCP calcúlanse aplicando unhas porcentaxes, que están en función do número de anos de servizos prestados, a unhas cantidades, chamadas Haberes Reguladores (HR), que fixan anualmente os Presupostos Xerais do Estado e que están en función do grupo no que está encadrado o corpo ao que pertence o funcionario.

O RDL 28/2018 para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, estableceu os seguintes Haberes Reguladores (HR) para o ano 2019:

GRUPO FUNCIONARIAL	HR ANUAL	HR MES
GRUPO A1 (antes A, Licenciados)	41.807,75	2.986,27
GRUPO A2 (antes B, Diplomados)	32.903,75	2.350,27
GRUPO B (novo, Técnico Superior)	28.812,57	2.058,04
GRUPO C1 (antes C, Bacharel, FP II)	25.270,64	1.805,05
GRUPO C2 (antes D, Graduado Secundaria)	19.993,26	1.428,09
GRUPO E e Agrupacións Profesionais, AP, (sen título)	17.045,86	1.217,56

Estes haberes reguladores de 2019 son os de 2018 cunha suba do 1,70%.

A estes HR aplícanselles as seguintes porcentaxes:

ANOS DE SERVIZO	%	ANOS DE SERVIZO	%	ANOS DE SERVIZO	%	ANOS DE SERVIZO	%
01	1,24	10	15,67	19	41,54	28	74,42
02	2,55	11	17,71	20	45,19	29	78,08
03	3,88	12	19,86	21	48,84	30	81,73
04	5,31	13	22,10	22	52,50	31	85,38
05	6,83	14	24,45	23	56,15	32	89,04
06	8,43	15	26,92	24	59,81	33	92,69
07	10,11	16	30,57	25	63,46	34	96,35
08	11,88	17	34,23	26	67,11	35 e máis	100,00
09	13,73	18	37,88	27	70,77		

As pensións abóanse mediante 14 pagas iguais (mensuais máis dúas extras) ao ano. Independentemente dos cálculos que poidan resultar, as pensións públicas ordinarias non poderán superar os **2.659,41 euros mensuais**. As pensións derivadas de actos terroristas poden superar ese tope ao igual que aquelas que se producen despois dos 65 anos ou ás que se lles aplica o complemento por maternidade.